<ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A ética na sociedade actual.</li> <li>- O problema da desinformación.</li> <li>- A protección de datos e o dereito á intimidade.</li> <li>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.</li> <li>- As condutas adictivas.</li> <li>- A procura da xustiza social.</li> <li>- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.</li> <li>- Globalización económica e bens públicos globais.</li> <li>- O comercio xusto.</li> <li>- O valor social dos impostos.</li> <li>- A igualdade de xénero.</li> <li>- As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>- A sociedade e a cidadanía plural.</li> <li>- O interculturalismo.</li> <li>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.</li> <li>- Os dereitos LGTBIQ+.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respetuosa cara aos animais.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
7	Economía sustentable e medio ambiente	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Analiza problemáticas concretas derivadas da nosa relación co medio: xestión do lixo, perda da biodiversidade, cambio climático...	PE	40
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Amosa coñecemento sobre algunhas das formulacións científicas e éticas para afrontar a crise ambiental, valorándoas criticamente.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Reflexiona sobre diferentes cuestións éticas integrando no propio discurso os conceptos fundamentais desta unidade e das anteriores. Dialoga de xeito respectuoso cos demais compañeiros e compañeiras, escoitando activamente aos demais e respectando a quenda de palabra.	TI	60
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona as súas emocións relacionándose de xeito respetuoso cos demais compañeiros e compañeiras. Ten en conta as emocións dos demais e cómpórtase de xeito solidario, empático e dialogante cos compañeiros e compañeiras, recoñecendo e valorando as aportacións dos mesmos.		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Promove e demostra unha convivencia pacífica, respectuosa e comprometida co ben común, tanto nas actividades que desenvolve na aula (individuais ou colectivas, de xeito escrito ou oral) como nas súas intervencións.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Participa de xeito activo nas actividades colaborativas, axuda aos compañeiros e compañeiras nas labores de planificación, coordinación, e solución de problemas aplicando principios éticos e democráticos.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Dialoga de maneira razoada e respectuosa sobre cuestións éticas de actualidade como a desigualdade económica e social, os límites éticos da investigación científica, os problemas ambientais...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promove estilos de vida comprometidos co desenvolvemento sustentable (comercio xusto, consumo reponsable, protección dos animais, xestión sustentable dos recursos....), fundamentándoos eticamente.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona as súas emocións relacionándose de xeito respetuoso cos demais compañeiros e compañeiras. Ten en conta as emocións dos demais e compórtase de xeito solidario, empático e dialogante cos compañeiros e compañeiras, recoñecendo e valorando as aportacións dos mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Propostas éticas e desafíos actuais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analiza e reflexiona por escrito sobre cuestións éticas de actualidade (límites éticos da investigación científica, os desafíos da I.A...), argumentando a súa postura de xeito razoado e integrando no seu discurso os conceptos fundamentais de esta unidade e das anteriores.	PE	40
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valora criticamente algunha das formulacións científicas e éticas coas que afrontar a crise climática.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Reflexiona sobre diferentes cuestións éticas integrando no propio discurso os conceptos fundamentais desta unidade e das anteriores. Dialoga de xeito respectuoso cos demais compañeiros e compañeiras, escoitando activamente aos demais e respectando a quenda de palabra.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Comunica as súas ideas, emocións e desexos de xeito empático. Reflexiona sobre o papel do ser humano no cosmos e sobre as relacións humanas construíndo unha concepción das mesmas concordante cos valores democráticos e os dereitos humanos.	TI	60
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Promove e demostra unha convivencia pacífica, respectuosa e comprometida co ben común, tanto nas actividades que desenvolve na aula (individuais ou colectivas, de xeito escrito ou oral) como nas súas intervencións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Participa de xeito activo nas actividades colaborativas, axuda aos compañeiros e compañeiras nas labores de planificación, coordinación, e solución de problemas aplicando principios éticos e democráticos.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Comunica as súas ideas, emocións e desexos de xeito empático. Reflexiona sobre o papel do ser humano no cosmos e sobre as relacións humanas construíndo unha concepción das mesmas concordante cos valores democráticos e os dereitos humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación en Valores Cívicos é Éticos posúe unha vertente teórica e unha vertente práctica. Teórica, porque pretende proporcionar ao alumnado as ferramentas conceptuais que lles permitan reflexionar de xeito crítico sobre os principios que guían ou deberan guiar as nosas accións, así como adquirir unha comprensión significativa da realidade material e simbólica na que nos movemos, e dos principios nos que se asentan as nosas institucións. Práctica, porque precisamente estas ferramentas están para ser aplicadas. A nosa disciplina está íntimamente ligada á ética e á política, e polo tanto móvese no campo da praxis, da acción humana. O diálogo, a participación, a cooperación, a reflexión individual e colectiva constituirán o día a día das nosas sesións.

O noso enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente no diálogo, na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento, e resolución de dilemas morais. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas, deseñando actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...). As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades vinculadas a imaxes, vídeos, citas ou á lectura de textos de tipoloxías e temáticas variadas (sociolóxicos, filosóficos, literarios, xornalísticos...). Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- 2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.
- 3) Diálogo e reflexión conxunta na aula sobre os contidos que se van a traballar. As clases expositivas serán ante todo clases dialogadas. A profesora irá desenvolvendo os conceptos, contidos e cuestións principais a partir das aportacións do alumnado.
- 4) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.
- 5) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.
- 6) Realización de disertacións e reflexións de xeito escrito sobre cuestións relevantes como a liberdade, o carácter social do ser humano,... así como a resolución de dilemas morais.
- 7) Preparación e realización de proxectos de investigación, exposicións e debates.

Ao inicio de curso a profesora fará un resumo explicando en que consiste a materia e sobre os contidos e problemáticas que se abordarán.

Desenvolveranse actividades e traballos grupais (de 2 ou 3 persoas), individuais e que impliquen a toda a clase. As exposicións, disertacións, debates... avaliaranse con rúbricas específicas que se deixarán a disposición do alumnado. A profesora irá sinalando os erros e acertos das actividades e probas, tanto orais como escritas e proporcionando ferramentas para a mellora. A meirande parte das actividades correxiranse de xeito colectivo na aula, aínda así a profesora poderá requirir a entrega das mesmas para a súa avaliación.

Na avaliación continua da materia teranse en conta non só os resultados, senón tamén procesos de aprendizaxe,

xerando e ofrecendo propostas de mellora e recuperación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.
Escolma de textos de diversa índole (artigos de opinión, textos filosóficos, sociolóxicos, literarios...)
Boletíns con actividades variadas (baseadas en textos, curtametraxes, vídeos, imaxes...) que fomenten a reflexión persoal.
Actividades interactivas, vídeos....
Emprego do debate e do diálogo conxunto.
Materiais de investigación e consulta
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a 2ª e 3ª semana do curso, isto é debido ao elevado número de alumnos e alumnas que cursan esta materia e a carencia de sesións das que dipoñemos (unha á semana).

Para a realización da avaliación inicial terase en conta:

- a información extraída das conversas co departamento de orientación sobre o alumnado que cursa esta materia
- as intervencións do alumnado durante a primeira semana de clase
- a elaboración escrita dunha reflexión persoal que reponda á cuestión "¿que é a liberdade?".

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>

### Criterios de cualificación:

Como ven detallado na programación, cada trimestre terá un peso aproximado do 33% na cualificación total (as UD de cada un dos dous primeiros trimestres suman un 33% do peso total curso, mentres que as UD traballadas no terceiro trimestre sumarán o 34% do peso total do curso). Como se poderá comprobar, no primeiro e terceiro trimestre traballaranse os contidos e destrezas relativos a tres UD, mentres que no segundo trimestre se traballarán os contidos e destrezas relativas á dúas UD. Esta distribución responde criterios temporais, dado que a duración do segundo trimestre é inferior. Cada UD didáctica avaliarase empregando como instrumentos a proba escrita (40% de cada unidade didáctica) e os indicadores de logro (60%), aínda que nas propias probas escritas tamén se poidan facer uso dos indicadores de logro ou das rúbricas.

Cada trimestre será, polo tanto, avaliado da seguinte maneira:

1. 40% da cualificación corresponderá coas actividades que se realizan de xeito escrito e para ás que se cede tempo de cada sesión. Estes boletíns poderán incluír actividades baseadas en imaxes, na lectura crítica de textos, no visionado de curtametraxes e vídeos, ou na reflexión sobre os conceptos e problemáticas fundamentais traballadas na aula. A meirande parte destas actividades corríxanse de xeito oral na aula, non obstante a profesora requerirá a entrega das mesmas para seren cualificadas. No caso de que a profesora o considere necesario, ben sexa porque na aula non exista un clima de traballo propicio ou por outras razóns, estas actividades poderán substituírse polo tradicional exame.
2. O 40% da cualificación de cada trimestre corresponderá a traballos de maior embergadura: disertacións, presentacións ou exposicións orais, debates... Avaliaranse mediante indicadores de logro e rúbricas específicas que se poñerán a disposición do alumnado.
3. O 20% da cualificación correponderá á participación e convivencia respectuosa na aula, a xestión das emocións, ás intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal e á responsabilidade co traballo diario da materia. Avaliarase mediante indicadores de logro de acordo cos criterios de avaliación que aparecen na programación (correspondentes a: CA1.2 , CA 1.3, CA1.4, CA3.4 e CA2.1)

Á nota de cada avaliación aplicaráselle as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 redondéanse ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 redondéanse ao 4) .

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais

### **Criterios de recuperación:**

No caso de de que algún trimestre non estea superado, a profesora abrirá prazos no comezo do segundo e do terceiro trimestre, así como ao final do terceiro trimestres, para repetir ou entregar as tarefas correspondentes.

Se o alumno ou alumna ten unha media ponderada inferior ao 5 nalgunha avaliación trimestral, pode ser debido a que::

1. o alumno ou alumna non chega ao 5 na media aritmética das probas escritas a entregar, ben sexa porque non cumpre cos mínimos esixibles ou porque non entregou as devanditas tarefas.
2. o alumno ou alumna non chega ao 5 na media aritmética correspondente ás disertacións, debates, exposicións... xa sexa porque non presentou a tarefa ou ben porque non cumpre cos mínimos esixibles das rúbricas ou indicadores de logro. Neste caso, os debates serán substituídos por un texto persuasivo ou un traballo de investigación.
3. Dase o caso de que 1 e 3.

Nos tres supostos o alumno ou alumna deberá presentar (de novo) as tarefas no prazo que establecido pola profesora. En tales casos as tarefas presentadas farán media coas anteriores. Cómpre resaltar, que aínda no caso de reentregar todas as tarefas realizadas ao longo do curso, estas contabilizan tan só o 80%, dado que o 20% restante corresponde á participación e convivencia respectuosa na aula. Así a cualificación obtida fará media coas tarefas xa superadas e coa porcentaxe correspondente á participación e traballo diario.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

- Avaliación positiva nun boletín de actividades a realizar nos meses de decembro e abril. Tal conxunto de actividades integrará os contidos e destrezas referidos na programación e poden consistir en: na elaboración dunha breve reflexión ou disertación sobre unha cuestión relevante; na elaboración dun traballo de investigación que inclúa o emprego das TICs; na lectura crítica dalgún texto (sexa filosófico, sociolóxico. literario, xornalística) sobre o que se



plantexarán cuestións; na reflexión sobre un dilema ética... A meirande parte destas actividades serán avaliadas mediante rúbricas e indicadores de logro..

-En caso de non recuperarse a materia pendente pola vía indicada deberá superarse una proba final sobre o currículo da materia. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixiadas e avaliadas.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

As medidas extraordinarias Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición



persoais ou de historia escolar.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

A docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento da creatividade e do espírito científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - O respecto mutuo e a resolución pacífica dos conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O coidado do medio ambiente e o consumo responsable						X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Desenvolvemento do pensamento crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia a emprego responsable das TICs					X	X	X	X
ET.8 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Convivencia igualitaria, inclusiva e democrática	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Liberdade de expresión	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Relevancia dunha información veraz				X	X	X	X	X
ET.12 - Desenvolvemento da autonomía persoal e do espírito emprendedor	X			X	X	X		
ET.13 - A cooperación entre iguais			X	X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.14 - A loita contra a discriminación, a igualdade de xénero e a defensa dos dereitos da comunidade LGTBI+				X	X	X		X

#### Observacións:

Poucas materias afondan tanto no tratamento dos elementos transversais como a de Educación en Valores Éticos e Cívicos, sendo algúns elementos parte dos contidos e destrezas que se desenvolven no propio currículo da materia. Na propia materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a igualdade de oportunidades, os principios e valores democráticos...Tales temas traballaranse tanto na súa vertente práctica como teórica e estarán acompañados do desenvolvemento de outras competencias e destrezas, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e adas TICs...

Todas estas ensinanzas están integradas na presente programación dacordo cos criterios de cualificación e avaliación. Así mesmo, as orientacións metodolóxicas expostas están deseñadas para contribuir ao seu desenvolvemento.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Resolución dun dilema moral proposto pola Olimpíada filosófica de Galicia	Participen ou non na Olimpíada filosófica, o alumnado tratará de resolver, de xeito individual ou colaborativo, un dos dilemas morais propostos pola organización		X	
Colaboración e participación na posta en marcha dun proxecto solidario	Vinculado á temática de participación cidadá e xustiza social, o alumnado deberá realizar, de xeito grupal, un proxecto solidario que sexa factible . Presentaranse e votaranse na aula. Aquel que teña un maior número de votos levarase a cabo coa colaboración de todo o alumnado.		X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cúmprese coa planificación prevista ao longo do curso

Metodoloxía empregada
Aplícase a metodoloxía didáctica establecida na programación
Empregáanse diferentes estratexias metodolóxicas en función do contido
Infórmase da finalidade das aprendizaxes, a súa importancia e aplicacións.
Os aspectos relevantes da corrección dos exercicios e dos exames son compartidos e comentados co alumnado
Distribúese o tempo de forma equilibrada entre exposicións teóricas e cuestións prácticas
Infórmase adecuadamente dos progresos e problemas a superar
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Faise uso das TICs nos procesos de ensinanza
Reorganízase a aula en función das necesidades do alumnado e das actividades que se pretenden desenvolver.
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse as actividades atendo á diversidade
Elabóranse explicacións adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado
Realízase un seguimento do traballo do alumnado nas sesións ordinarias
Clima de traballo na aula
Foméntase o traballo en equipo
Hai un bo clima de traballo na aula. O alumnado sintese cómodo para intervir e expresar as súas ideas e emocións
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe comunicación e coordinación co resto do equipo docente, departamento de orientación e tutores legais do alumnado.

#### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente realizarase a través do Proens e nas reunións de Departamento.

Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens. Este seguimento farase de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e indicar as datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora no propio curso académico e para materializar en cursos vindeiros.

As ferramentas a empregar para valorar o grao de cumprimento do puntos anteriores serán:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.

## **9. Outros apartados**